



**Xeración de Crédito 015-X/20 (43/20)**  
**Expte CIVIDAS nº 2020035750**  
**Exptes relacionados: 2020004955 e 2020035746**

## **DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 16/10/2020 (ref: JFC/195/2020) e refrendado polo Sr. Concelleiro delegado, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería de Promoción Económica, Recursos Europeos e Formación Ocupacional, mediante Providencia asinada polo Xefe de Servizo accidental (Decreto nº 2020002719) e o Concelleiro delegado, en data 14/10/2020, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Municipal (ref.: 15X-20) de 27/10/2020, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co número 16 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 015-X/2020**, utilizando a figura das xeracións de crédito, contabilizando esta dentro do proxecto específico de gasto con código 20-2-28-02 "Contratación desempregados en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA 2020-2021", de acordo co seguinte detalle:

<b>APLICACIÓN DOS FONDOS</b>		
<b>APLICACIÓN</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
N280.2412.13100	Persoal lab. prog. fomento emprego e inserc. Laboral	15.072,30 €
N280.2410.16000	Cota patronal S. Soc. Fomento do emprego	5.510,26 €
TOTAL.....		20.582,56 €

<b>ORIXE DOS FONDOS</b>		
<b>CONCEPTO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
45071	Subv. Xunta contratación persoas preceptoras RISGA (Xunta de Galicia (S1511001H))	20.582,56 €
TOTAL.....		20.582,56 €

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos e ao **Servizo de Promoción Económica e Servizo de Nómina e Recursos Humanos** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

